

Vilasantar *sempre*

FEBREIRO 2015 BIM nº 4

INFORMA SOBRE A ACTUALIDADE DO CONCELLO DE VILASANTAR

Moi boas de novo veciños. Voltamos co número 4 deste boletín informativo municipal, onde vos informamos das últimas xestións do Concello de todos nós, das obras, servizos e actividades. Destacar que por terceiro ano consecutivo, aprobouse o presuposto, ano 2015, antes do remate do ano anterior; o presuposto é de 1.170.000 €. Comezouse cun novo servizo, recollida de plásticos agrícolas por parroquias; renováronse convenios (o CIM, a orientadora laboral, a aula de informática), comezou o programa de reforzo escolar no colexio e está a piques de rematar o procedemento para a recollida conxunta do lixo.

PARCELARIA DE SAN VICENTE

A finais do ano 14, a Xunta saca a consulta sobre avaliación de impacto ambiental da parcelaria de San Vicente, paso previo á fase principal de camiños. Recórdase que a superficie total a concentrar é aproximadamente de 1.430 hectáreas (5.359 parcelas propiedade de 432 persoas), e a lonxitude total dos camiños previstos é de 26.680 metros, dos que 11.615 serán de nova apertura. Na reunión que mantivo o Alcalde ca conselleira de Medio Rural, ésta comprometeuse a seguir cos trámites para comezar esta última fase de concentración e comentou que, nestes últimos anos de crise, en ningún concello de Galicia se fixo a fase principal de camiños e que cando se comece, Vilasantar será das primeiras. Por suposto, pediuselle o mesmo trato á parcelaria de Barbeito.



FOTO COA CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL

REPARACIÓN DA RÚA DO MONOLITO

Vense de asinar coa Deputación e co Concello de Curtis o convenio que vai permitir o arranxo da rúa Monolito que comparten ambos concellos. A achega é de preto de **158.000 €** que permitirá mellorar a seguridade dunha zona con bastante tránsito de camións; farase o reforzo da calzada e tamén unha senda peonil. O proxecto está feito e aprobado, licitarase e executarase en breve.



FOTO DA FIRMA DO CONVENIO

DEPOSITO E CAPTACION EN SAN VICENTE

Rematouse recentemente a construción do depósito de auga de San Vicente e o tramo de rede de abastecemento do Seixo e Santa Mariña; foron **160.000 €** conseguidos nun convenio coa Deputación. Agora, cando o tempo o permita, sacarase a licitar a captación de auga e a súa conducción ata o depósito; este proxecto está feito e aprobado polo pleno e ten un coste de **30.000 €**, pertencentes a unha parte do POS2015.

Asimesmo estase redactando o proxecto do resto da rede de distribución da parroquia; contamos asinar un novo convenio coa Deputación antes do verán.



FOTO NOVO DEPOSITO

VILASANTAR O CONCELLO DA COMARCA QUE MÁIS PRESUPUESTO DESTINA A SERVIZOS SOCIAIS

O ministerio de facenda ven de publicar os seguintes datos: **Vilasantar, o concello da comarca que máis presuposto destina a servizos sociais**; destinamos no ano 2013 o 25,08% do presuposto a área de servizos sociais e a nivel galego estamos no posto 14. Gastouse unha media de 211,73 € por veciño.

Concellos de la comarca según el porcentaje del presupuesto que destinan a Servicios Sociales		Concellos de la comarca según el gasto en Servicios Sociales por habitante	
Vilasantar	25,08%	Aranga	215,7
Aranga	21,60%	Vilasantar	211,73
Oza dos Ríos	18,26%	Irivoa	128,3
Abegondo	16,74%	Arteixo	123,7
Irivoa	15,36%	Abegondo	123,1
Bergondo	14,12%	Oza dos Ríos	121,4
A Laracha	13,84%	Bergondo	98
Arteixo	13,20%	A Laracha	94,9
Cambre	13,01%	A Coruña	95,1
Carral	12,15%	Miño	92,8
Culleredo	11,72%	Cambre	82
Paderne	11,32%	Curtis	76,3
Betanzos	11,13%	Carral	74,8
Miño	11,13%	Culleredo	73,7
Curtis	10,20%	Vilarmaior	69,9
Vilarmaior	10,12%	Betanzos	67,2
A Coruña	9,38%	Oleiros	58,4
Oleiros	9,11%	Paderne	55,5
Sada	6,62%	Sada	49,8
Cesuras	5,02%	Cesuras	45



Fuente: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

XORNAL A OPINIÓN 04/12/2014

No programa de información-orientación de Servizos sociais de Vilasantar atendéronse 1.407 consultas no 2014. No servizo de axuda no fogar chegaronse atender un total de 65 persoas en 56 domicilios: 36 de libre concurrencia e 20 por dependencia. Foron 992 horas, 757 de dependencia e 325 horas de libre concurrencia. Todos estes usuarios foron atendidos

por 9 auxiliares do noso concello. Polo tanto cumpríuse o obxectivo de manter o servizo de axuda no fogar como estaba previsto. No programa de emerxencia social concedéronse 12 solicitudes de axuda saíndo beneficiadas 52 persoas. Continúase co programa de envelhecimento activo coa actividade de balneario e cursos de prevención da memoria. Continúase, tamén, co reparto de alimentos mensuais a un total de 47 persoas do noso Concello.

Voltouse, neste ano 2015, a renovar o servizo do CIM (centro de información á muller), coa presenza da abogada e psicóloga. Asímesmo, renovouse tamén para este 2015, o Convenio para continuar co servizo de orientación laboral; no ano 2014 a orientadora laboral atendeu 45 consultas de persoas empadroadas no noso Concello e desenvolveu o curso de preparación das probas da ESO para adultos e as xornadas de motivación ó emprendemento. Recordámosvos que a orientadora laboral está todos os mércores no concello de 12 a 15 horas.

Comunicóusenos que o noso Concello cumpría as condicións para continuar sendo aula CeMIT de referencia, o que dá lugar á prórroga do convenio para o ano 2015. En marzo comezarán, de novo, as clases de informática para todas as idades.

Tamén o ministerio ven de publicar o periodo medio de pago a provedores (cuarto trimestre) e Vilasantar presenta unha media de 16,91 días.

OBRAS NA TRAVESÍA DAS RAPOSEIRAS

Logo do pequeno amaño das beirarrúas de Vilasantar (**38.000 €**), que levaban varios anos nun lamentable estado, o Alcalde recibiu, o 14 de xaneiro deste ano, á Conselleira de medio ambiente, territorio e infraestruturas que viu acompañada da Delegada da Xunta, Belén Do Campo, para asinar un protocolo de actuacións para as obras de mellora desta travesía. O proxecto redactarase pola Xunta, no segundo trimestre



FOTO FIRMA PROTOCOLO

deste ano e será supervisado polo Concello; a licitación das obras será ó longo deste ano 2015. Unha das actuacións previstas será achegar as beirarrúas ó novo cemiterio veciñal e atopar unha solución para o aparcamento dos coches, xa que como ben sabedes, nestas últimas datas estamos recibindo a visita da garda civil de tráfico, coas conseguíntes multas ós coches aparcados enriba das aceras e os inconvintes ós negocios da zona. Agardamos que a reunión mantida entre o Alcalde e a Plana Maior do subsector de Tráfico da provincia da Coruña, o 16 de febreiro, axude a solucionar este grave problema.

SUBXECCIÓN DOS CONTENEDORES

A piques está de saír a licitación da obra para a subxección de soporte dos contenedores das aldeas de todas as parroquias. Como ben sabedes, os colectores están apoiados sobre o terreo, co conseguínte risco para peóns e vehículos, especialmente os días de temporal. Faranse unhas bases que garanten a súa estabilidade e instalarase un sistema de subxección para que non escapen. A obra ten un presuposto de **60.000 €** que saíran do programa DTC93

AMAÑO PISTAS MUNICIPAIS

Feito o proxecto e aprobado xa polo pleno o plan de mellora de camiños municipais, por un importe de **114.729 €**, executarase entre a primavera e o verán as seguintes actuacións: pista do Campo da Feira cara Arceo, a Gión cara Ponte Faxilde, Batán ata A Gión, Opa-Orga, pista A Orga cara Monte Xafeita, aldea de Xafeita, O Porto de Barbeito, Raido cara Cencasas, Casanova de SanVicente, Follente ata límite Sobrado. Por outra banda, no plan do POS 2015, faranse as seguintes actuacións por importe de **53.312 €**. Feito tamén o proxecto e aprobado polo pleno: pista saindo de Zanfoga-Portabestas, Casavella-Xemerás, Xemerás, Mourengos, Canaval, o Regueiro, Estremil a Viladarcas. E tamén rebachearanse algunhas pistas das parcelarias de Armental e Mezonzo. Asimesmo, calquer outra pista que o precise amañárase.

COLEXIO DE PRÉSARAS

Comezou o proxecto de servizo de apoio ó estudo. Este servizo, ten como destinatarios os nenos e nenas do noso Concello con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos e lévase a cabo no cole de Présaras de 16:30 a 18:30, de luns a venres, fora do horario lectivo. Os nenos contan ca axuda dunha técnica para o reforzo escolar e cun servizo de transporte para o regreso a casa. O custo do servizo é de 8.893 € e permite, a maiores, ca técnica teña aberta a aula de informática de Présaras de 18:30 a 20:30 de luns a venres.

Tamén o Concello pintou o porche do colexio que usan os nenos os días de choiva.



FOTO PORCHE COLEXIO

O CONCELLO INVIRTE 52.343 € EN CAMBIO DE LUMINARIAS

As principais rúas de Vilasantar e Présaras viron renovada a súa iluminación grazas a un proxecto presentado polo Concello ante o INEGA para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación da instalación de iluminación pública exterior. A actuación realizada supuxo a substitución de 199 puntos de luz, cunha garantía de dous anos. No estudio previo prevese un aforro mínimo de 15.000 € ó ano.

A maiores colocáronse, sete puntos de luz na senda peonil que vai dende Aserpal ata o cruce da rúa Monolito.

Tamén o Alcalde ven de manter unha reunión co Vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, para que financie o proxecto de cambio de luminarias da zona do Cruce de Sesmonde; asimesmo, pediulle que aprobe outro proxecto presentado conxuntamente co Concello de Curtis de adquisición de contenedores e a creación dunha brigada medioambiental.



LUMINARIAS LED EN PRÉSARAS



FOTO CO VICEPRESIDENTE

CENTRO MÉDICO DE PRESARAS

Dende fai un tempo, estanse recibindo no Concello, queixas por mor do mal funcionamento do Centro de saúde de Présaras; continuos cambios de médico, un trato non axeitado na enfermería..., o que xera unha serie de inconvintes ós nosos veciños. O Alcalde mantivo unha reunión co persoal explicándolle a situación e remitíronse tres escritos ó Sergas para que as autoridades sanitarias tomen as medidas oportunas para solucionar esta situación e ter así un servizo médico de calidade, que por outra parte, é o noso dereito. E dende aquí, animamos ós nosos veciños a que presenten por escrito no Concello as queixas que estimen oportunas.

AGLOMERADO

Logo de aglomerar a pista que vai cara a igrexa de Mezonzo, sacárase a licitar o aglomerado da pista que vai dende Sesmonde a Ril, pasando polo depósito de Ril. Esta pista é moi usada polos veciños que van cara Barbeito, Mezonzo ou Campo da Feira. Serán preto de **42.000 €** pertencentes o programa DTC93. O proxecto está xa aprobado polo pleno e executarase na primavera. Asimesmo agardamos que, nesta primavera, a Deputación aglomere o tramo que falta na pista de Vilaríño.

MAIS NOVAS

O Concello levou adiante un novo servizo en xaneiro: a primeira recollida de plásticos agrícolas por parroquias. É coñecido o punto para recollida de plásticos agrícolas que hay en Zanfoga, pero decidiuse facilitar a recollida a todos aqueles gandeiros que non están preto dese punto. Puideron depositar os plásticos nos puntos habilitados nas parroquias durante tres días, e o cuarto o Concello pasou a retiralos. Na época do verán voltaremos ca segunda recollida.

Tamén vense de manter, o 12 de febreiro, unha reunión cos gandeiros e agricultores do Concello para informarlles das novas axudas da PAC (pago base, pago verde, axudas a mozos, vaca nodriza...) e estase valorando contar con estes asesores para axudar ós gandeiros a solicitar as subvencións.

Fíxose tamén, unha poda de polas de árbores por distintas pistas do Concello. Polas que dificultan o tránsito de furgonetas, camións e autocares.



FOTO PODA

Estase, nestes momentos, limpando as plaquetas das beirarrúas de Présaras.

Púxose unha marquesina nova na Cruz de Guerra e hay feita, na Dirección Xeral de mobilidade, unha solicitude de instalación para dúas marquesinas de espera de autobús na estrada AC-840 (Betanzos-Melide), PK 31,600, á altura do cruce de Présaras.



FOTO REUNIÓN INFORMATIVA DA PAC

O Alcalde e o Teniente Alcalde solicitaronlle mais apoio para Vilasantar.



FOTO REUNIÓN CO PRESIDENTE DA XUNTA

CEMINTERIOS

Vense de publicar, o pasado 11 de decembro, no DOGA o novo decreto de sanidade mortuoria de Galicia que permitirá obter, a colléndose a un procedemento extraordinario, a autorización sanitaria, dos cemiterios ou ampliacións de cemiterios preexistentes, que carezan dela e se atopen en situación de irregularidade.

LICITACIÓN CONXUNTA DO LIXO

Está a piques de rematar o expediente de contratación conxunta da recollida de residuos sólidos urbanos dos Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar. Isto implicará un millor servizo e unha rebaixa no prezo do mesmo; a empresa adjudicataria descargará o lixo na ecoplanta que ten Sogama no polígono industrial de Teixeira e cada Concello seguirá pagando, única e exclusivamente, polo seu lixo.

NADAL E ANTROIDO

No final do ano, por terceiro ano consecutivo, tivemos o campamento de nadal, que se desenrolou na escola ecolóxica, para os máis novos do noso concello. Tamén, chegaron dende Oriente os Reis Magos moi ben engalanados visitar ós nosos veciños, e desenrolouse tamén, a festa do antroido con agasallos para os mellores disfraces individuais e de comparsas.



FOTO do Campamento de Nadal, dos Reis Magos e os Paxes chegando a Vilasantar e da Festa do Antroido

SE ES DE VILASANTAR...SE VIVES EN VILASANTAR...SE QUERES A VILASANTAR... EMPADRÓATE EN VILASANTAR